

Anexo 1

1. Prazo de inscrición

- 1.1. O prazo de presentación de solicitudes **comeza o luns 9 de xaneiro e remata o xoves 2 de febreiro.**
- 1.2. As solicitudes de inscrición remitiranse á AVC Casco Vello sita na rúa Cánovas del Castillo, n.º 2, 36202 de Vigo, ou entregaranse na oficina de 11.00 a 13.30 horas e de 17.00 a 20.00 horas de luns a venres. Tamén no correo electrónico info@cascovellovigo.gal.

2. Solicitude e preferencia

- 2.1. Terán preferencia para a instalación dos postos as asociacións veciñais ou culturais, os artesáns con Carta Galega de Artesán que o acredite e as empresas radicadas no Casco Vello de Vigo, por esta orde.
 - 2.1.1. Os artesáns deberán achegar documentación acreditativa da súa actividade, así como fotos dos produtos que realizan.
 - 2.1.2. As asociacións terán que entregar unha carta solicitando o posto, asinada pola persoa representante legal da mesma, acompañada dunha fotocopia do CIF da entidade.
- 2.2. Todas as persoas, entidades e empresas que soliciten un posto no mercado deberán achegar o xustificante do ingreso bancario efectuado co importe da fianza e gastos segundo o establecido no punto 1 das *Bases para a instalación de postos*.
- 2.3. As cantidades económicas aboaranse no momento de inscribirse no mercado, por transferencia bancaria a nome da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello, no número de conta:
ES96 2080 5045 8930 4001 0210 de ABANCA.
- 2.4. A devolución da fianza efectuarase por idéntico medio, sendo necesario achegar, no momento da solicitude, o correspondente número de conta, no que ten que constar o nome do titular da mesma.
A devolución da fianza efectuarase unha vez que a Comisión Organizadora avalíe o discorrer da festa e o correcto cumprimento por parte de cada posto das normas da organización.
- 2.5. As solicitudes que non veñan acompañadas por algún dos documentos esixidos non serán admitidas a trámite.
- 2.6. O martes 28 de febreiro farase pública a lista de postos admitidos, con indicación do número asignado a cada un deles e o nome da persoa ou entidade solicitante, facéndose público o mércores 15 de marzo a súa localización exacta. Esta información tamén estará dispoñible na oficina da AVC Casco Vello sita na rúa Cánovas del Castillo, n.º 2, 36202 de Vigo.